

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12301 *Real decreto 1023/2015, do 13 de novembro, polo que se desenvolve regulamentariamente a composición, organización e exercicio de funcións da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.*

O artigo 158 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, crea no daquela Ministerio de Cultura, hoxe Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con carácter de órgano colexiado de ámbito nacional, a Comisión de Propiedade Intelectual e asígnalle funcións, por unha parte, de mediación e arbitraxe e, por outra, de salvagarda de dereitos no ámbito da propiedade intelectual, que serán exercidos a través, respectivamente, das seccións primeira e segunda da dita comisión.

Os números dezoito e dezanove do artigo primeiro da Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, e a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, modifican a regulación legal da citada Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, ampliando as funcións que debe exercer esta sección, entre as cales inclúe a de determinación de tarifas para a explotación dos dereitos de xestión colectiva obrigatoria e para os dereitos de xestión colectiva voluntaria que, respecto da mesma categoría de titulares, concorran cun dereito de remuneración sobre a mesma obra ou prestación, e reforzando a súa función de control sobre as tarifas xerais establecidas polas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

Así, a Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual exercerá as súas funcións de mediación e arbitraxe nos termos previstos na modificación legal levada a cabo pola Lei 21/2014, do 4 de novembro, e establecerá o importe da remuneración exixida pola utilización de obras e demais prestacións do repertorio das entidades de xestión, a forma de pagamento e demais condicións necesarias para facer efectivos os dereitos indicados no parágrafo anterior, por solicitude da propia entidade de xestión afectada, dunha asociación de usuarios, dunha entidade de radiodifusión ou dun usuario especialmente significativo, ao xuízo da Sección, cando non haxa acordo entre ambas, no prazo de seis meses desde o inicio formal da negociación. Finalmente, a Sección Primeira exercerá a súa función de control velando por que as tarifas xerais establecidas polas entidades de xestión en cumprimento das súas obrigacións sexan equitativas e non discriminatorias.

A Sección Primeira reforza así a súa condición de instrumento especialmente idóneo no funcionamento do sistema vixente de propiedade intelectual para resolver os conflitos que xorden entre entidades de xestión e usuarios dos dereitos de autor e dereitos conexos, o que require xeralmente unha complexa valoración de dereitos e intereses, mediante o establecemento de novos procedementos e a actualización dos previstos nos capítulos III, IV e V do Real decreto 1889/2011 polo que se regula a Comisión de Propiedade Intelectual.

O artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, na súa redacción dada pola Lei 21/2014, do 4 de novembro, faculta o Goberno para determinar regulamentariamente o procedemento para o exercicio das funcións que a Sección Primeira debe desenvolver de conformidade co disposto na súa regulación legal vixente.

Na elaboración da presente norma emitiron informe os ministerios de Xustiza, de Industria, Enerxía e Turismo, e de Economía e Competitividade, e foron consultadas as comunidades autónomas.

Tamén foron consultados e emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Consello de Consumidores e Usuarios.

Igualmente, levouse a cabo un trámite de información pública e foron oídas as organizacións e asociacións recoñecidas pola lei e que agrupan ou representan os lexítimos interesados e cuxos fins gardan relación directa co obxecto do real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 13 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime xurídico organizativo, de procedemento e funcionamento da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, órgano colexiado de ámbito nacional adscrito á Secretaría de Estado de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a que se refiren os artigos 158 e 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

CAPÍTULO II

Funcións e composición da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual

Artigo 2. *Funcións e réxime xurídico.*

1. A Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual exerce funcións de mediación, arbitraje, determinación de tarifas e control das tarifas xerais nas materias e nos supostos previstos no artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. A Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual rexerá polo texto refundido da Lei de propiedade intelectual e polo presente real decreto e, con carácter supletorio, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, no referente a procedementos arbitrais, e pola Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, en procedementos de mediación.

3. A taxa pola determinación de tarifas para a explotación de dereitos de xestión colectiva obrigatoria e para os dereitos de xestión colectiva voluntaria que, respecto da mesma categoría de titulares, concorran cun dereito de remuneración sobre a mesma obra ou prestación, rexerá pola disposición adicional terceira da Lei 21/2014, do 4 de novembro, polas previsións normativas establecidas pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e polo presente real decreto.

Artigo 3. *Composición, organización e funcionamento da Sección Primeira.*

1. A Sección Primeira da Comisión estará formada por catro vogais titulares nomeados polo Goberno mediante real decreto, por proposta, respectivamente, dos titulares dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, de Xustiza, de Industria, Enerxía e Turismo, e de Economía e Competitividade, por un período de cinco anos renovable por unha soa vez, entre expertos de recoñecida competencia en materia de propiedade intelectual e de defensa da competencia. Sen prexuízo do cumprimento do anterior

requisito, na proposta de nomeamento que realice cada un dos titulares dos sinalados departamentos ministeriais poderase valorar adicionalmente a experiencia ou o coñecemento nos ámbitos do dereito económico, mercado audiovisual e das comunicacións electrónicas. No mesmo real decreto quedará igualmente previsto, e polo mesmo sistema, o nomeamento de dous suplentes por cada titular, que reunirán os mesmos requisitos de nomeamento previstos para os vogais titulares e actuarán como substitutos nos supostos de delegación de funcións, vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal. A delegación de funcións, cuxo período se debe especificar, motivarase e non será posible realizar ningunha delegación indefinida no tempo.

2. Os vogais da Sección Primeira só cesarán antes da expiración do período a que se refire o número 1, por petición propia ou por separación acordada polo Goberno, logo de instrución de expediente, por incumprimento grave das súas obrigacións, incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función, incompatibilidade ou condena por delito doloso.

3. Mediante orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte designarase de entre os vogais titulares o presidente da Sección, que exercerá o voto de calidade. As funcións do presidente inclúen a dirección e coordinación dos traballos, debates e votacións da Sección, a convocatoria e fixación da orde do día das reunións, a presidencia das reunións, o impulso da actuación da Sección e dos procedementos que se tramitan ante ela, o exercicio das demais facultades que sexan necesarias para o bo funcionamento da Sección, así como o exercicio das competencias que se atribúen aos presidentes de órganos colexiados conforme a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. A orde ministerial prevista no número anterior tamén conterá o nomeamento dun dos vogais titulares da Sección como vicepresidente dela, ao cal lle corresponderán as funcións de suplencia do presidente nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, tal como a abstención ou a recusación.

5. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con nivel de subdirector xeral ou asimilado, mediante nomeamento polo titular da dirección xeral competente en materia de propiedade intelectual. Ao secretario corresponderánlle a sinatura dos actos de procedemento, o levantamento da acta das reunións e dos acordos que se realicen, o asesoramento en dereito da Sección respecto das funcións inherentes á súa condición como tal cando se lle requira, así como as propias da secretaría dos órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6. O desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos de suplencia do secretario por vacante, ausencia ou enfermidade, serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Secretaría de Estado de Cultura.

CAPÍTULO III

Principios xerais

Sección 1.^a Aspectos comúns a todos os procedementos

Artigo 4. *Principios reitores.*

1. A Sección Primeira actuará con sometemento aos principios de legalidade, imparcialidade, neutralidade, igualdade entre as partes e audiencia. Nos procedementos de mediación e arbitraje aplicaranse, ademais, os principios de voluntariedade, salvo invocación de convenio, cláusula arbitral ou pacto escrito de mediación, e confidencialidade.

2. O tratamento levado a cabo pola Sección Primeira dos datos persoais empregados nas actuacións realizadas no ámbito das súas funcións efectuarase de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 5. *Abstención e recusación.*

1. Os vogais da Sección Primeira estarán suxeitos ás normas sobre recusación, abstención e causas que comprometan a imparcialidade contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, en procedementos arbitrais; na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, en procedementos de mediación, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no resto das actuacións que lles corresponde efectuar.

2. Nos supostos en que conorra unha causa legal de recusación ou abstención que lle impida intervir nun asunto sometido á Sección ao presidente, este será substituído polo vicepresidente e este último, por un dos seus suplentes. Así mesmo, cando a dita causa afecte os vogais titulares, estes serán substituídos por algún dos seus correspondentes suplentes.

Artigo 6. *Uso preferente de medios electrónicos.*

1. Todas as actuacións da Sección Primeira se realizarán preferentemente facendo uso de medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Os suxeitos lexitimados para solicitar a intervención da Sección Primeira conforme o artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual disporán, na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, dun formulario electrónico que permita a presentación da solicitude en formato electrónico.

3. Durante a tramitación dos procedementos e para aqueles actos que requiran notificación aos interesados poderase utilizar un sistema de notificacións electrónicas. Tamén será posible a recepción de documentación e alegacións por vía electrónica e, igualmente, a consulta do estado da tramitación do expediente, de cuxa copia se custodiará un arquivo electrónico.

Artigo 7. *Lugar das actuacións.*

O lugar de realización das actuacións que corresponden á Sección Primeira será o da súa sede no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, salvo que, nos procedementos de mediación ou arbitraje, por solicitude de todas as partes, a Sección acorde que se realice noutro lugar.

Sección 2.^a Aspectos comúns aos procedementos de mediación e arbitraje

Artigo 8. *Accións xudiciais ou extraxudiciais.*

A interposición de accións xudiciais ou extraxudiciais non suspenderá a tramitación dos procedementos de mediación ou arbitraje. A suscitación da controversia sometida a mediación ou arbitraje ante a Sección Primeira impedirá aos xuíces e tribunais coñecer dela durante o tempo en que se desenvolvan os citados procedementos, sempre que a parte interesada o invoque mediante declinatoria e así o acorde o órgano xudicial. O anterior enténdese sen prexuízo das excepcións contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, en procedementos arbitrais, e na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, en procedementos de mediación.

Artigo 9. *Excepcións de competencia.*

A Sección Primeira decidirá de oficio de maneira motivada sobre a súa propia competencia, incluídas as excepcións relativas á existencia ou validez do convenio ou cláusula de mediación ou arbitraje, así como calquera outra cuxa estimación impida entrar no fondo da controversia, de conformidade co establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, en procedementos arbitrais; na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de

mediación en asuntos civís e mercantís, en procedementos de mediación, e no presente real decreto.

Artigo 10. *Acumulación e prevalencia de procedementos.*

1. A Sección Primeira decidirá de maneira motivada sobre a admisión da solicitude de mediación ou arbitraje, sobre a acumulación da solicitude respecto a outros procedementos que se estean tramitando ante a Sección e sobre a prevalencia dun procedemento fronte a outro.

2. No suposto de que idénticas partes e respecto ao mesmo obxecto soliciten de forma simultánea procedementos de mediación e arbitraje, tramitarase, en primeiro lugar, o de mediación, e non se poderá iniciar un procedemento de mediación se se encontra en curso un procedemento de arbitraje entre as mesmas partes ante a Sección Primeira, nin viceversa. Tampouco se poderá iniciar un procedemento de mediación ou arbitraje cando se admitise a trámite un procedemento de determinación de tarifas.

3. Non caberá mediación ou arbitraje naqueles casos en que se encontren vixentes por unha resolución previa da Sección Primeira as tarifas polo dereito ou dereitos de xestión colectiva obrigatoria sobre os cales se establece o obxecto do conflito e, se for o caso, polo dereito de xestión colectiva voluntaria concorrente con estes, nos termos establecidos no número 3 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

4. Non procederá a iniciación do procedemento de control de tarifas respecto daquelas tarifas xerais sobre as cales se encontre en curso un procedemento de mediación, arbitraje ou determinación de tarifas ante a Sección Primeira.

CAPÍTULO IV

O procedemento de mediación

Artigo 11. *A solicitude de mediación.*

1. A solicitude de mediación dirixirase á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo I a este real decreto, e segundo o previsto no número 1 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. A mediación solicitaraa a parte que a insta ou, se for o caso, ambas as partes conxuntamente:

a) invocando un pacto escrito de mediación nos termos definidos na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, en virtude do cal as partes se comprometeron a someter a controversia á mediación da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual,

b) presentando unha solicitude de mediación conxunta as partes de común acordo ou,

c) na falta de pacto escrito de mediación ou de solicitude conxunta, instando a que se dea traslado da súa solicitude de mediación á outra parte para que manifieste se desexa someterse á mediación requirida.

2. A solicitude de mediación conterá, ao menos:

a) O nome completo, enderezo e demais datos relevantes para a identificación e contacto da parte ou partes que instan a mediación, e da parte ou partes instadas. En particular, deberá indicar os enderezos a que se deberán dirixir as comunicacións a todas esas partes.

b) A descrición do obxecto da controversia.

c) As pretensións que se formulan, de maneira sucinta, con expresión, de ser posible, da súa contía.

d) O acto, contrato ou negocio xurídico de que derive a controversia ou co cal esta garde relación.

e) O pacto escrito de mediación que, se for o caso, se invoca.

f) A manifestación, da parte ou partes solicitantes, de aceptación da imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira na súa condición de mediadores ou, se non é así, as causas de recusación que entendan que concorren.

3. Á solicitude de mediación deberanse xuntar, ao menos, os seguintes documentos:

a) Copia do pacto escrito de mediación, se existe.
b) Copia dos contratos, se for o caso, de que derive a controversia.
c) Documento que recolla o contido das pretensións da parte ou partes solicitantes e as que, se for o caso, considere que mantén a outra ou outras partes.

d) Se for o caso, escrito que acredite a representación na mediación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes.

e) Constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos do procedemento pola prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual na súa condición de mediador, no importe establecido na orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte pola cal se establezan prezos públicos por prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, ou a que en cada momento corresponda.

f) Cando a solicitude sexa dunha asociación de usuarios ou doutra entidade análoga de natureza asociativa, deberáselle xuntar unha certificación que comprenda o nome e os apelidos ou razón social dos membros da dita asociación, así como o acordo e mandato de representación adoptado, en relación coa mediación, polo seu órgano de goberno.

4. Recibida a solicitude de mediación con todos os seus documentos e emendados, se for o caso, os defectos que teña, a Sección Primeira remitirá, no prazo de quince días, á parte instada unha copia da solicitude.

5. A parte instada responderá á solicitude de mediación no prazo de quince días hábiles desde a súa recepción. A falta de presentación da resposta á solicitude de mediación dentro do prazo conferido non suspenderá o procedemento no suposto previsto no número 1.a), pero entenderase como negativa de someterse á mediación e impedirá proseguir o procedemento no suposto previsto no número 1.c).

6. A resposta á solicitude de mediación conterà, ao menos:

a) O nome completo da parte instada, o seu enderezo e os demais datos relevantes para a súa identificación e contacto; en particular designará a persoa e o enderezo a que se deberán dirixir as comunicacións que se lle deban facer durante a mediación.

b) Os seus comentarios sobre a descrición da controversia efectuada pola parte que insta a mediación.

c) A súa posición sobre as pretensións da parte instada. Se se opón á mediación, a súa posición sobre a existencia, validez ou aplicabilidade do pacto escrito de mediación.

d) A manifestación da parte instada, se for o caso, de aceptación da imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira na súa condición de mediadores ou, se non é así, as causas de recusación que entendan que concorren.

7. Á resposta á solicitude de mediación deberanse xuntar, ao menos, os seguintes documentos:

a) Escrito que acredite a representación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes.

b) En caso de aceptación da mediación, constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos de administración do procedemento por parte da Comisión de Propiedade Intelectual, no importe establecido na orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte pola que se establezan prezos públicos por prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, ou a que en cada momento corresponda.

8. Recibida a resposta á solicitude de mediación con todos os seus documentos, a Sección Primeira remitirá, no prazo de quince días, unha copia á parte instante desta e acordará, nese mesmo prazo, a admisión a trámite da solicitude de mediación por maioría, de conformidade coa súa competencia e cos demais requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual e neste capítulo. No caso de que se acorde a inadmisión ou a acumulación da solicitude a outros procedementos que se estean substanciando ante a Sección, e a prevalencia dun procedemento respecto a outro, a decisión será motivada, notificada ás partes e impugnabile en reposición ante a propia Sección Primeira, en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. *Negociacións e proposta na mediación.*

1. No escrito polo que se admita a trámite a solicitude de mediación, a Sección convocará as partes a unha primeira sesión constitutiva, que se realizará no prazo máximo dun mes desde a súa notificación, para que fixen as súas posicións iniciais, acheguen a documentación que consideren oportuna e expoñan os seus argumentos. Así mesmo, a Sección Primeira informará sobre o programa de actuacións que se vai desenvolver durante o procedemento e o correspondente calendario que se seguirá, sen prexuízo da súa posible modificación.

2. Fixadas as posicións das partes, a Sección Primeira convocará as sesións informativas adicionais que considere precisas, sexa con todas as partes, sexa con algunha delas, coa finalidade de alcanzar un acordo entre aquelas ou presentar as propostas da Sección para solucionar o conflito.

3. A inasistencia ou inactividade de calquera das partes non impedirá o desenvolvemento do procedemento nin que a Sección presente propostas de solución do conflito.

4. En calquera momento do procedemento, a Sección, por iniciativa de vogais ou das partes, poderá acordar a práctica das probas que considere pertinentes. Os gastos que poida ocasionar a práctica da proba serán satisfeitos pola parte que a solicitase, ou por ambas as partes se así o aceptan, ou de forma igualitaria cando a proba fose proposta polos vogais da Sección, salvo que as partes acepten que sexan satisfeitos por unha delas.

Artigo 13. *Terminación do procedemento.*

1. O procedemento de mediación terminará, en todo caso, cando se produza unha desistencia conxunta ou de parte ou cando as partes alcancen un acordo sobre as cuestións controvertidas. En tal caso, comunicaranos á Sección e xuntarán o acordo, que será consignado na resolución que acorde a terminación do procedemento mediador por avinza ou desistencia. Así mesmo, o procedemento finalizará cando a Sección aprecie de maneira xustificada que as posicións son irreconciliables ou conorra outra causa que determine a súa conclusión.

2. Fóra dos supostos previstos no número anterior, cando a Sección considere que as cuestións foron suficientemente debatidas e, en todo caso, no prazo de dous meses como máximo desde a admisión a trámite da solicitude, dará por finalizado o intento de avinza e convocará as partes a unha audiencia para que formulen as súas posicións definitivas.

3. Sobre a base das posicións definitivas, así como do actuado con anterioridade, a Sección formulará, se for o caso, no prazo dun mes desde a formulación das ditas posicións definitivas, unha proposta de solución do conflito, que será notificada ás partes.

4. Se, transcorrido o prazo de dous meses desde a notificación da proposta de solución do conflito, ningunha das partes manifestase a súa oposición motivada á proposta de solución, considerarase que todas elas a aceptan, e a proposta de solución pasará a converterse en acordo de mediación.

5. Se a Sección aprecia a imposibilidade de alcanzar un acordo entre as partes, dará por finalizado o procedemento sen avinza de forma motivada e notificarállelo a todos os interesados.

6. En todo caso, a duración máxima do procedemento será de seis meses contados desde a data de admisión a trámite da solicitude de mediación.

7. Os acordos de mediación aceptados expresamente polas partes, logo de proposta da Sección Primeira, así como os previstos no número 4, producirán os efectos previstos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, e serán revisables ante a orde xurisdiccional civil.

CAPÍTULO V

O procedemento de arbitraje xeral

Artigo 14. *A solicitude de arbitraje.*

1. A solicitude de arbitraje dirixirase á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo II a este real decreto, e segundo o previsto no número 2.a) do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. A arbitraje solicitaráa a parte demandante ou, se for o caso, ambas as partes conxuntamente:

a) invocando un convenio ou cláusula arbitral nos termos definidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, en virtude do cal as partes se comprometeron a someter a controversia á arbitraje da Comisión de Propiedade Intelectual,

b) presentando unha solicitude de arbitraje conxunta as partes de común acordo ou,

c) en defecto de convenio ou cláusula arbitral ou de solicitude conxunta, instando a que se dea traslado da súa solicitude de arbitraje á outra parte para que manifeste se desexa someterse á arbitraje requirida.

2. A solicitude de arbitraje conterá, ao menos, as seguintes mencións:

a) O nome completo, enderezo e demais datos relevantes para a identificación e o contacto da parte ou partes demandantes e da parte ou partes demandadas. En particular, deberá indicar os enderezos a que se deberán dirixir as comunicacións a todas esas partes.

b) A descrición do obxecto da controversia.

c) As pretensións que se formulan, de maneira sucinta, con expresión, de ser posible, da súa contía.

d) O acto, contrato ou negocio xurídico de que derive a controversia ou co cal esta garde relación.

e) O convenio ou cláusula arbitral que, se for o caso, se invoca.

f) A manifestación, da parte ou partes solicitantes, de aceptación da imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira na súa condición de árbitro ou, se non é así, as causas de recusación que entendan que concorren.

3. Á solicitude de arbitraje deberanse xuntar, ao menos, os seguintes documentos:

a) Copia do convenio arbitral ou cláusula arbitral, se existe.

b) Copia dos contratos, se for o caso, de que derive a controversia.

c) Documento que recolla o contido das pretensións da parte ou partes solicitantes e as que, se for o caso, considere que mantén a outra ou as outras partes.

d) Se for o caso, escrito que acredite a representación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes.

e) Constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos do procedemento pola prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade, na súa condición de árbitro, no importe establecido na orde do ministro de Educación, Cultura e

Deporte pola cal se establezan prezos públicos por prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.

f) Cando a solicitude a presente unha asociación de usuarios ou outra entidade análoga de natureza asociativa que legalmente se poida acoller a este procedemento de arbitraje, deberáselle xuntar unha certificación que comprenda o nome e os apelidos ou razón social dos membros da dita asociación, así como o acordo e mandato de representación adoptado, en relación coa arbitraje, polo seu órgano de goberno.

g) Cando a solicitude a presenten entidades de radiodifusión de ámbito nacional ou usuarios especialmente significativos, a documentación que ao seu xuízo xustifique que reúnen a dita condición para a súa valoración pola Sección Primeira.

4. Recibida a solicitude de arbitraje con todos os seus documentos e emendados, se for o caso, os defectos que teña, a Sección Primeira remitirá, no prazo de quince días, ao demandado ou demandados unha copia da solicitude.

5. O demandado responderá á solicitude de arbitraje no prazo de trinta días hábiles desde a súa recepción. A falta de presentación da resposta á solicitude de arbitraje dentro do prazo conferido non suspenderá o procedemento no suposto previsto no número 1.a), pero entenderase como negativa de someterse á arbitraje e impedirá proseguir o procedemento no suposto previsto no número 1.c).

6. A resposta á solicitude de arbitraje conterá, ao menos, as seguintes mencións:

a) O nome completo do demandado, o seu enderezo e os demais datos relevantes para a súa identificación e contacto; en particular designará a persoa e o enderezo a que se deberán dirixir as comunicacións que se lle deban facer durante a arbitraje.

b) Os seus comentarios sobre a descrición da controversia efectuada polo demandante.

c) A súa posición sobre as pretensións do demandante.

d) Se se opón á arbitraje, a súa posición sobre a existencia, validez ou aplicabilidade do convenio ou cláusula arbitral.

e) A manifestación, se for o caso, de aceptación da imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira na súa condición de árbitro ou, se non é así, as causas de recusación que entendan que concorren.

7. Á resposta á solicitude de arbitraje deberanse xuntar, ao menos, os seguintes documentos:

a) Escrito que acredite a representación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes.

b) En caso de aceptación da arbitraje, constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos do procedemento pola prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, na súa condición de árbitro, no importe establecido na orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte pola que se establezan prezos públicos por prestación de servizos da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.

8. Recibida a resposta á solicitude de arbitraje con todos os seus documentos, a Sección Primeira remitirá, no prazo de quince días, unha copia ao demandante.

9. A Sección Primeira acordará, nese mesmo prazo, a admisión da solicitude de arbitraje por maioría, de conformidade coa súa competencia e cos demais requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual e neste capítulo. No caso de que se acorde a inadmisión ou a acumulación da solicitude a outros procedementos que se estean tramitando ante a Sección, a decisión será motivada, notificada ás partes e impugnabile en reposición ante a propia Sección Primeira, en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 15. Procedemento arbitral.

1. A Sección Primeira decidirá de oficio ou por instancia das partes sobre a admisibilidade, pertinencia e utilidade das probas propostas polas partes, sobre a súa práctica e a súa valoración, así como sobre a práctica de probas complementarias, cando o considere necesario para a formación do seu criterio. Os gastos que poida ocasionar a práctica da proba serán satisfeitos pola parte que a solicitase, ou por ambas as partes se así o aceptan, ou de forma igualitaria entre as partes do procedemento cando fose proposta pola Sección salvo que as partes acepten que sexan satisfeitos por unha delas.

2. A Sección Primeira poderá convocar as reunións que considere precisas coa finalidade de promover un acordo entre as partes que permita a solución do conflito.

3. Cando a Sección considere que as cuestións foron suficientemente debatidas e sempre que non se alcanzase un acordo entre as partes nos termos previstos no número anterior, convocará unha audiencia para que as partes formulen as súas posicións definitivas.

Artigo 16. Terminación do procedemento.

1. O procedemento terminará, salvo acordo previo das partes, mediante un ou varios laudos escritos e motivados que resolverán todas as cuestións suscitadas por aquelas no ámbito das competencias propias da Sección. A Sección pronunciarase no laudo final sobre as custas da arbitaxe, definidas nos termos do número 6 do artigo 37 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitaxe. Calquera decisión sobre custas deberá ser motivada e, salvo acordo por escrito en contrario das partes, como regra xeral, deberá reflectir o éxito e o fracaso das respectivas pretensións das partes, a non ser que, atendidas as circunstancias do caso, os membros da Sección consideren inapropiada a aplicación deste principio xeral.

2. Os laudos adoptados terán carácter vinculante e serán executables e impugnables conforme o establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitaxe.

3. Salvo acordo en contrario das partes, os laudos deberanse ditar no prazo máximo de seis meses desde a admisión a trámite da arbitaxe, prorrogables motivadamente por un máximo de dous meses se as partes non se opoñen.

4. Non obstante o establecido nos números anteriores, se no transcurso do procedemento arbitral as partes alcanzan un acordo que poña fin, total ou parcialmente, á controversia, formalizarano por escrito e comunicaranos á Sección co fin de que se dean por terminadas as actuacións respecto dos puntos acordados e esta dite laudo nos termos convidos salvo que aprecie motivos para oporse ou as partes renuncien a que se dite.

CAPÍTULO VI**O procedemento de arbitaxe de substitución de tarifas****Artigo 17. Procedemento aplicable.**

Cando unha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual, unha asociación de usuarios, unha entidade de radiodifusión ou un usuario afectado especialmente significativo faga uso da facultade prevista no número 2.b) do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, co obxecto de fixar unha cantidade substitutoria das tarifas xerais establecidas por unha entidade de xestión, o procedemento axustarase ao disposto no capítulo V, coas excepcións previstas no presente capítulo.

Artigo 18. Solicitude de arbitaxe para fixar unha cantidade substitutoria das tarifas xerais.

1. A solicitude de arbitaxe poderá ser formulada pola entidade de xestión, a asociación de usuarios, a entidade de radiodifusión ou o usuario afectado especialmente significativo e, ademais dos requisitos e documentos establecidos no artigo 14, deberá

recoller os seguintes elementos e presentarse mediante o modelo oficial que figura como anexo III a este real decreto:

- a) Fixar, como obxecto desta, unha cantidade substitutoria das tarifas xerais establecidas pola entidade de xestión.
- b) Expor as razóns que xustifican a solicitude de substitución da cantidade establecida pola entidade de xestión.
- c) Propor unha cantidade substitutoria determinada ou determinable basicamente mediante unha operación aritmética.
- d) Incluír, en defecto de convenio arbitral, o expreso sometemento á competencia da Sección Primeira conforme o previsto no artigo 158 bis.2.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, para dar solución ao conflito.
- e) A parte proponente poderá xuntar aos documentos exigidos nas letras b) e c) deste número cantos outros documentos e probas considere convenientes.

2. Presentada a solicitude, a Sección Primeira dará traslado dela á outra parte para que presente a súa resposta cos requisitos e documentos establecidos no artigo 14, dentro do prazo de trinta días hábiles desde a súa recepción. A falta de presentación da resposta no prazo referido terá os efectos previstos no artigo 14.5 e impedirá proseguir o procedemento.

3. A Sección decidirá sobre a admisión do procedemento, de conformidade co artigo 14.9. A inadmisión da solicitude, impugnada en reposición fronte á propia Sección Primeira, deixará expedita a vía xudicial ordinaria para coñecer do asunto sometido á dita sección.

Artigo 19. *Desenvolvemento do procedemento.*

Admitida unha solicitude de fixación de cantidade substitutoria de tarifas xerais, comunicarase ás partes e o procedemento desenvolverase conforme o disposto nos artigos 15 e 16 coas seguintes especialidades:

- a) A inasistencia ou inactividade de calquera das partes non impedirá o desenvolvemento do procedemento nin que se adopte a decisión arbitral resolutoria do conflito, nin privará esta da súa eficacia.
- b) A presentación dunha solicitude de fixación de cantidade substitutoria das tarifas xerais conforme este capítulo non exime os empresarios individuais ou sociais representados pola asociación de usuarios ou a entidade de radiodifusión ou o usuario especialmente significativo da obriga de faceren efectiva baixo reserva ou consignaren notarial ou xudicialmente a cantidade establecida pola entidade de xestión conforme o artigo 157.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, ou a cantidade que cautelarmente poida establecer por instancia de parte a Sección, para entenderse autorizados a exercer o dereito de propiedade intelectual a que fan referencia as tarifas xerais obxecto da controversia.
- c) O laudo será escrito e motivado, para o cal deberá ter en conta os criterios mínimos establecidos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

CAPÍTULO VII

O procedemento de determinación de tarifas

Artigo 20. *Solicitude de determinación de tarifas.*

1. Estarán lexitimados para ser parte no procedemento de determinación de tarifas as entidades de xestión, as asociacións de usuarios representativas a nivel nacional do sector correspondente, as entidades de radiodifusión de ámbito nacional e os usuarios especialmente significativos.

2. A parte solicitante ou, se for o caso, ambas as partes conxuntamente, dirixirán a solicitud de determinación de tarifas á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo IV a este real decreto e que conterà:

a) O nome completo, enderezo e demais datos relevantes para a identificación e contacto da parte ou partes solicitantes e da parte ou partes requiridas a negociar, así como, se for o caso, os dos seus representantes. En particular, deberanse indicar os enderezos a que se deberán dirixir as comunicacións a todas esas partes.

b) O obxecto do conflito, que se deberá circunscribir á determinación das tarifas e das condicións necesarias para facer efectivos os dereitos a que se refire o número 3 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

c) A data formal do inicio das negociacións entre as partes en conflito nos termos previstos nos números 4 e 5 do presente artigo.

d) A declaración da inexistencia de acordo no prazo de seis meses desde o inicio formal da negociación entre as partes.

e) A pretensión que se formula respecto das tarifas correspondentes e das condicións necesarias para facer efectivos os dereitos a que se refire o número 3 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que poderán ser de entidades de xestión diferentes cando o solicitante sexa un dos mencionados no seguinte número 3.a), 1.º e 2.º, deste artigo, sempre que previamente fosen requiridas a negociar e non se alcanzase acordo, as tarifas se refiran á mesma modalidade de explotación, respecto da mesma clase de obras ou prestacións tales como audiovisuais, musicais, e as tarifas sexan de aplicación a usuarios de idéntico sector. No suposto de que se solicite a fixación de tarifas por un dereito ou dereitos de xestión colectiva obrigatoria que, respecto da mesma categoría de titulares, concorran cun dereito de xestión colectiva voluntaria sobre a mesma obra ou prestación, o obxecto do conflito deberase referir obrigatoriedade de maneira conxunta a ambos os dereitos.

f) A cifra total anual estimada equivalente á explotación dos dereitos obxecto da controversia, para efectos da determinación da taxa cuxo pagamento prevé o artigo 26.

3. Á solicitud xuntarase a seguinte documentación:

a) Dependendo da parte solicitante no procedemento, presentarán:

1.º No suposto das asociacións de usuarios, a acreditación de ser representativas a nivel nacional no sector correspondente e unha certificación que comprenda o nome e os apelidos ou razón social e o domicilio dos empresarios individuais ou sociais en cuxo nome se presente a dita solicitud, así como o acordo e mandato de representación adoptado, en relación co procedemento de determinación de tarifas, polo seu órgano de goberno.

2.º No caso de entidades de radiodifusión de ámbito nacional ou usuarios especialmente significativos, a documentación que ao seu xuízo xustifique que reúnen a dita condición para a súa valoración pola Sección Primeira.

b) Cando a parte non actúe por si mesma, escrito que acredite a representación. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes cando se designen representantes.

c) A documentación que acredite a inexistencia de acordo no prazo de seis meses desde o inicio formal da negociación entre as partes obxecto da controversia, para o cal se deberá achegar:

1.º Documento que acredite o inicio formal da negociación, que conteña os nomes designados polas partes para levar a cabo a negociación e a capacidade destes para vincular as partes na negociación.

2.º Documento que acredite a inexistencia de acordo entre as partes no prazo de seis meses desde a data de inicio formal da negociación.

d) Informe motivado que apoie a pretensión que se formula respecto das tarifas correspondentes, fundamentado no establecido no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que deberá conter tanto a fixación de tarifas como os termos específicos para facelas efectivas, tales como o alcance temporal e territorial da súa aplicación, as obrigacións de intercambio de información, as facultades de comprobación da información, auditoría, ou os prazos e a forma de pagamento.

e) A documentación que xustifique ou acredite a cifra total anual estimada, equivalente á explotación dos dereitos obxecto da controversia, para efectos da determinación da taxa cuxo pagamento prevé o artigo 26.

4. Para os efectos do presente artigo, considerarase como inicio formal da negociación a data en que as partes acorden mutuamente iniciar a dita negociación ou, na súa falta, a data da primeira reunión de negociación realizada ou a data de constitución efectiva da correspondente mesa de negociación, se a houber.

5. No suposto de que non sexa posible iniciar formalmente a negociación nos termos recollidos no número anterior, e sen prexuízo da obrigación prevista no artigo 157.1.c) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, entenderase que se produce o inicio formal das negociacións unha vez que a parte requirida a negociar recibise a solicitude formal de inicio delas, o cal se deberá acreditar mediante calquera medio válido en dereito. Neste caso, o ou os solicitantes quedarán exceptuados da presentación da documentación prevista na letra c) do número 3 do presente artigo.

6. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos no presente artigo, a Sección Primeira requirirá o interesado para que no prazo de dez días emende as faltas ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición e se arquivarán as actuacións logo da correspondente resolución. Contra a dita resolución caberá interpor o recurso potestativo de reposición ante a propia Sección Primeira.

Artigo 21. *Inicio do procedemento.*

1. Unha vez comprobado que a solicitude reúne os requisitos exixidos, a Sección Primeira dará traslado dela á parte requirida previamente a negociar para que presente as alegacións que considere oportunas sobre a súa admisión a trámite, así como, se for o caso, sobre a abstención ou recusación dos vogais da Sección Primeira, dentro do prazo que lle sexa fixado polo presidente e que, en ningún caso, poderá exceder os quince días.

2. Recibidas as alegacións, ou transcorrido o prazo fixado a que se refire o número anterior sen que se presentasen alegacións, a Sección Primeira decidirá por maioría nun prazo máximo de quince días sobre a admisión ou inadmisión a trámite da solicitude do procedemento de determinación de tarifas, de conformidade coa súa competencia e cos demais requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual e neste real decreto, o que será notificado ás partes. Contra a dita resolución caberá interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Sección Primeira, en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Serán causa de inadmisión a trámite do procedemento, en todo caso:

a) A solicitude manifestamente infundada ou allea ao exercicio das funcións encomendadas á Sección Primeira.

b) A solicitude de determinación de tarifas cando estas fosen establecidas nun procedemento de mediación ou arbitraje pola Sección Primeira.

c) Non ter a capacidade de parte o solicitante ou a requirida, de acordo co artigo 20.1.

d) Encontrarse vixentes por unha resolución previa da Sección Primeira nos termos do artigo 24.2.

e) Non considerarse conxuntamente no obxecto do conflito da solicitude a fixación de tarifas por un dereito ou dereitos de xestión colectiva obrigatoria cando, respecto da

mesma categoría de titulares, concorra cun dereito de xestión colectiva sobre a mesma obra ou prestación.

4. A Sección Primeira, logo de audiencia das partes por un prazo común de cinco días, poderá acordar de oficio a acumulación de expedientes de fixación de tarifas admitidos a trámite sempre que estes versen sobre a mesma modalidade de explotación, respecto da mesma clase de obras ou prestacións, tales como audiovisuais e musicais, e as tarifas sexan de aplicación a usuarios de idéntico sector. Contra a decisión de acumulación non caberá ningún recurso administrativo.

5. A resolución da Sección Primeira de admisión a trámite do procedemento publicarase no «Boletín Oficial del Estado», para os efectos de que aqueles titulares de intereses lexítimos e directos que poidan resultar afectados pola resolución final que se dite e que non se encontren xa debidamente constituídos como parte no procedemento poidan, no prazo de quince días desde o día seguinte ao da citada publicación, comparecer nel.

6. O prazo de instrución e resolución do expediente será de nove meses a partir da admisión a trámite da solicitude do procedemento, que dará lugar ao inicio deste.

Artigo 22. *Medidas provisionais.*

Unha vez iniciado o procedemento, a Sección Primeira poderá acordar de oficio de maneira motivada, se for o caso, medidas provisionais tendentes a asegurar a eficacia da resolución administrativa que se poida ditar, de existiren elementos suficientes de xuízo para isto e, en especial, o pagamento á conta por parte dos usuarios, en relación coa remuneración exixida polas entidades de xestión pola explotación de dereitos de remuneración e para os efectos de entender concedida a autorización respecto aos dereitos exclusivos concorrentes con estes, dunha determinada porcentaxe das tarifas xerais aprobadas por cada entidade de xestión ou calquera outra porcentaxe que determine de maneira motivada.

Artigo 23. *Instrución do procedemento.*

1. Unha vez comunicada ás partes a admisión a trámite da solicitude, a Sección Primeira realizará os actos de instrución necesarios para o coñecemento e determinación dos datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución.

2. Durante a instrución, as partes e os terceiros interesados que comparecesen no procedemento poderán presentar alegacións e propor a práctica das probas que consideren pertinentes para a defensa dos seus intereses que garden relación coas tarifas que deban ser fixadas pola Sección Primeira, en particular, no caso das partes, para facilitar ou complementar a información intercambiada durante as negociacións previas ao inicio do procedemento administrativo, así como a achegada no inicio do procedemento administrativo.

3. A Sección Primeira decidirá de maneira motivada e de oficio sobre a admisibilidade das probas propostas polas partes lexítimas e os terceiros interesados que comparecesen no procedemento, sobre a súa práctica e a súa valoración, así como sobre a práctica de probas complementarias, cando o consideren necesario para a formación do seu criterio. Poderase denegar a práctica ou incorporación dunha proba cando sexa manifestamente improcedente ou innecesaria. Nos supostos en que fose proposta pola Sección Primeira unha proba complementaria, a asunción do seu custo distribuirase de forma igualitaria entre as partes do procedemento, salvo que algunha das partes acepte asumir a totalidade do seu custo.

4. Se un medio de proba está en poder ou baixo o control dunha parte, e esta refusa inxustificadamente presentala ou dar acceso a ela, a Sección Primeira poderá extraer desa conduta, tomando en consideración as restantes probas, as conclusións que considere procedentes sobre os feitos obxecto de proba, tales como atribuír a estes valor probatorio.

5. A Sección Primeira poderá acordar a realización de reunións coas partes, logo de solicitude destas cando o considere adecuado para o exame das cuestións que se

dilucidan no expediente. Durante as reunións, as partes e os terceiros interesados que comparecesen no procedemento poderán expor de forma breve as súas alegacións. Celebrarase vista para a práctica de probas testificais e periciais no que corresponde á súa ratificación.

A celebración da vista será contraditoria e nela poderán intervir as partes, os terceiros interesados e os seus representantes, a Sección Primeira e o persoal de apoio. Poderase requirir, así mesmo, a participación daquelas persoas que, ao xuízo da Sección Primeira, sexan oportunas, logo de notificación a estas da dita circunstancia. Así mesmo, a Sección Primeira poderá formular preguntas ás partes, aos terceiros interesados que, se for o caso, participen nela, en particular sobre os informes que presenten as partes en apoio das súas pretensións, e aos peritos autores de ditames achegados ao expediente.

Correspóndelle ao presidente da Sección Primeira a dirección das reunións e das vistas e o mantemento da orde no transcurso destas.

6. O prazo máximo para a proposición, práctica da proba, reunións e vistas será de catro meses desde o inicio do procedemento.

7. A celebración das vistas e as cuestións abordadas no transcurso delas reflectiranse nunha acta, sen prexuízo da súa posible gravación en soporte audiovisual, caso en que se porá á disposición das partes.

8. Concluída a práctica das probas, a Sección Primeira valorará en cada caso se solicita ou non informe dos organismos públicos que exerzan as súas funcións en relación cos mercados ou sectores económicos afectados polas tarifas. Nos casos en que a Sección Primeira acorde solicitar o dito informe, o organismo público deberá emitilo no prazo dun mes desde a súa recepción.

9. Con anterioridade á elaboración da proposta de resolución no prazo máximo dun mes desde a conclusión da práctica de probas ou de quince días no suposto de que se pedise informe dos organismos públicos que exerzan as súas funcións en relación cos mercados ou sectores económicos afectados polas tarifas, a Sección Primeira dará trámite de audiencia ás partes e aos terceiros interesados que comparecesen no procedemento para que expoñan as conclusións sobre o resultado das probas practicadas, os informes recibidos, se for o caso, dos organismos públicos, e sobre as tarifas que deban ser fixadas pola Sección Primeira. No dito trámite as partes deberán ratificar ou modificar as súas pretensións realizadas nos seus respectivos escritos de solicitude e contestación a esta, e permitirase aos terceiros interesados que comparecesen no procedemento que formulen as súas alegacións e pretensións para o efecto.

Artigo 24. *Resolución.*

1. Unha vez instruído o procedemento, no prazo máximo dun mes, notificarase ás partes a proposta de resolución motivada para que, no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao da notificación, poidan formular as alegacións correspondentes. Esta conterà, como mínimo, os antecedentes do expediente, os feitos acreditados, a determinación cuantitativa das tarifas e os termos específicos para facela efectiva.

2. A resolución motivada que poña fin ao procedemento adoptarase no prazo máximo dun mes desde a recepción das alegacións á proposta de resolución motivada, conterà os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito relevantes, e determinará o importe da remuneración exixida pola utilización de obras e demais prestacións do repertorio das entidades de xestión, a forma de pagamento e as demais condicións necesarias para facer efectivos os dereitos cuxa controversia se suscita no procedemento, de conformidade co disposto no número 3 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Así mesmo, a resolución notificarase a todas as partes e aos terceiros interesados que comparecesen no procedemento no prazo de dez días desde a súa adopción e sen prexuízo do tratamento da información confidencial que poida conter, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e será aplicable a partir do día seguinte ao da publicación, con alcance xeral para todos os titulares e obrigados e para as propias entidades de xestión, respecto da mesma modalidade de explotación de obras e prestacións e idéntico sector de usuarios. A

resolución será directamente impugnabile en vía contencioso-administrativa, conforme o disposto no artigo 11.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución non afectará os termos dispostos nos acordos alcanzados entre entidades de xestión e usuarios en uso da autonomía da súa vontade.

3. A interposición de recurso contra a resolución da Sección Primeira non suspenderá a súa execución.

4. A resolución non alterará a natureza xurídico-civil dos dereitos con respecto aos cales se fixe a determinación de tarifas e as demais condicións necesarias para facelos efectivos.

Artigo 25. *Terminación convencional.*

1. A Sección Primeira poderá acordar, salvo que aprecie motivos para oporse, a finalización do procedemento a través dunha terminación convencional, por solicitude das partes, cando estas alcancen un acordo sobre a totalidade das cuestións obxecto de exame no procedemento administrativo.

2. Para tal efecto, as partes deberán presentar unha proposta conxunta ante a Sección Primeira no prazo máximo de dez días hábiles desde a data da sinatura do acordo. A Sección Primeira examinará o seu contido para verificar que todas as cuestións abordadas no expediente se encontran cubertas polo acordo das partes e, logo do trámite de audiencia aos terceiros interesados por un prazo improrrogable de cinco días, ditará resolución.

3. A resolución que poña fin ao procedemento mediante a terminación convencional terá o seguinte contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Obxecto dos compromisos alcanzados, incluídos a duración do acordo, o importe da remuneración exixida pola utilización de obras e demais prestacións do repertorio das entidades de xestión, a forma de pagamento e as demais condicións necesarias para facer efectivos os dereitos cuxa controversia se suscita no procedemento.

4. A resolución a que se refire o número anterior publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e será aplicable a partir do día seguinte ao da publicación, con alcance xeral para todos os titulares e obrigados, respecto da mesma modalidade de explotación de obras e prestacións e idéntico sector de usuarios. A dita resolución será directamente impugnabile en vía contencioso-administrativa, conforme o disposto no artigo 11.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 26. *Pagamento da taxa.*

1. Unha vez que finalizase o procedemento de determinación da tarifa por resolución ou terminación convencional, devindicarase a correspondente taxa, cuxa cota para ingresar será a resultante de aplicar os seguintes tipos proporcionais ás cantidades resultantes estimadas para a aplicación de tarifas pola Sección Primeira nos termos do presente número, sen prexuízo da cantidade mínima de 16.659,47 euros que se aboarán naqueles procedementos en que a cantidade resultante estimada non supere a contía de 16.659.470 euros:

a) De 16.659.470,01 euros a 100.000.000 euros para a aplicación da tarifa determinada pola Sección Primeira, 16.659,47 euros até 16.659.470 euros e un 0,15 por cento sobre a correspondente cifra da cantidade restante.

b) A partir de 100.000.000,01 euros para a aplicación da tarifa determinada pola Sección Primeira, 16.659,47 euros até 16.659.470 euros, un 0,15 por cento até 100.000.000 e un 0,2 por cento sobre a correspondente cifra da cantidade restante.

2. A determinación das cantidades resultantes estimadas para a aplicación de tarifas estableceraa en cada procedemento a Sección Primeira tendo en conta a cifra total anual estimada equivalente á explotación dos dereitos obxecto da controversia, así como o prazo de duración da resolución ou acordo convencional. Para estes efectos, teranse en conta tanto a documentación presentada pola parte solicitante no seu escrito de solicitude como aquela que achegue ao respecto a parte requirida. Cando na intervención da Sección Primeira a parte solicitante ou requirida sexa un usuario individual, para os efectos de establecer a cifra total anual estimada equivalente á explotación dos dereitos obxecto da controversia, esta limitarase á que derive da súa propia actividade.

3. O pagamento do cincuenta por cento do importe da taxa devindicada corresponderalle á entidade de xestión cuxas tarifas se determinan na resolución e o restante cincuenta por cento aboaran os usuarios que fosen parte no procedemento.

Artigo 27. *Recursos.*

Os actos ditados pola Sección Primeira no exercicio da súa función de determinación de tarifas porán fin á vía administrativa e serán susceptibles de recurso potestativo de reposición ante a propia Sección Primeira en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnados directamente, ante a xurisdición contencioso-administrativa, conforme o disposto no artigo 11.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO VIII

O procedemento de control de tarifas

Artigo 28. *Inicio do procedemento.*

1. O procedemento de control relativo ás tarifas xerais establecidas polas entidades de xestión, previsto no número 4 do artigo 158 bis do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, iniciarao sempre de oficio a Sección Primeira:

- a) Por propia iniciativa.
- b) Por denuncia dos usuarios do repertorio das entidades de xestión obrigados ao pagamento dunha tarifa xeral ou, se for o caso, das asociacións de que formen parte estes, co contido indicado no número seguinte.

2. A denuncia dirixirase á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo V a este real decreto, e conterà, ao menos, as seguintes mencións:

- a) Nome ou razón social, domicilio, teléfono e número de fax dos denunciante e, no caso de que estes actúen por medio de representante, acreditación da representación e domicilio para efectos de notificacións.
- b) Nome ou razón social, domicilio e, se for o caso, número de teléfono e de fax ou calquera outro medio electrónico pertinente da entidade ou entidades de xestión cuxas tarifas xerais se denuncian.
- c) Xustificación do denunciante da súa condición de usuario do repertorio das entidades de xestión obrigado ao pagamento dunha tarifa xeral establecida por unha entidade ou dunha asociación cuxos membros sexan usuario do repertorio das entidades de xestión e estean obrigados ao citado pagamento, para ser considerado como tal no procedemento de control.
- d) Identificación das tarifas xerais cuxo control pretende que leve a cabo a Sección Primeira, para o cal se deben argumentar as razóns polas cales se considera que estas son inequitativas ou discriminatorias.

Así mesmo, deberase xuntar á solicitude un informe en que se xustifique desde un punto de vista xurídico e económico os motivos polos cales o denunciante considera que as tarifas xerais denunciadas son inequitativas ou discriminatorias, no cal se valore a aplicación dos criterios mínimos recollidos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e ao que se poderán xuntar as probas que considere conveniente.

3. Se a denuncia non reúne os requisitos establecidos no número 2, requirirase o denunciante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a documentación requirida, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da denuncia.

4. A desistencia do denunciante non impedirá á Sección Primeira realizar de oficio todas aquelas actuacións que considere necesarias.

Artigo 29. Requirimento de información e acordo de non iniciación.

1. Unha vez analizada a denuncia presentada ou naqueles supostos en que exerza a función de control por iniciativa propia, a Sección Primeira poderá formular requirimentos de información á entidade de xestión denunciada; a falta de atención a este pode constituír unha infracción de conformidade co previsto no artigo 162 bis.4.a) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, o que será comunicado ao órgano sancionador competente.

2. En todo caso, con anterioridade á adopción dun acordo de iniciación ou non do procedemento, a Sección Primeira notificará á entidade de xestión denunciada e ao denunciado en caso de que se lle requirise información a proposta de acordo para que esta realice as alegacións e achegue, se for o caso, a documentación que considere conveniente.

3. O acordo de non iniciación do procedemento da Sección Primeira deberase comunicar ao denunciante, con indicación sucinta dos motivos polos cales non procede a iniciación do procedemento. Contra o dito acto caberá recurso potestativo de reposición ante a propia Sección Primeira, en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 30. Remisión de información á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Nos supostos en que a Sección Primeira aprecie que as tarifas xerais non cumpren co criterio de equidade e non discriminación ou cando non se axusten aos criterios establecidos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, a Sección Primeira comunicará e remitirá a totalidade da información obtida á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para os efectos oportunos. Contra a dita resolución non caberá recurso administrativo.

Disposición adicional primeira. Usuario especialmente significativo.

Para os efectos de entender un usuario como especialmente significativo naqueles procedementos tramitados ante a Sección Primeira afectados polo dito suxeito, a Sección terá en conta, entre outros posibles criterios, a porcentaxe de ingresos brutos do usuario no total do sector económico en que sexan de aplicación as tarifas que se van determinar.

Disposición adicional segunda. Aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Mentres non entren en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, serán de aplicación as disposicións que correspondan da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aos supostos en que este real decreto fai referencia ás anteriores.

Disposición transitoria única. *Vogais da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.*

No prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto nomearanse os vogais da Sección Primeira. Mentres non se produza o nomeamento, a Sección quedará integrada polos vogais que a compoñen na data de entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, os artigos 2 a 12, ambos inclusive, do Real decreto 1889/2011, do 30 de decembro, polo que se regula o funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación relativa á propiedade intelectual e industrial. Exceptúanse do anterior os capítulos III, IV e V, que se ditan ao abeiro da competencia sobre lexislación procesual que a Constitución outorga ao Estado no seu artigo 149.1.6.^a

Disposición derradeira segunda. *Orzamento para o exercicio da Comisión de Propiedade Intelectual.*

O gasto que poida xerar a posta en funcionamento da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual será asumido cos actuais medios con que conta o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

O titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá ditar cantas disposicións de desenvolvemento sexan precisas para o cumprimento e aplicación do presente real decreto, así como modificar, mediante orde ministerial, as contías a que fai referencia o seu artigo 26.1 conforme a normativa aplicable en materia de desindexación.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I



MINISTERIO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E DEPORTE
COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELLECTUAL
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º
Data, hora e minuto de presentación
/ /h.min.
(Para cubrir pola Administración)

SOLICITUDE DE MEDIACIÓN (ARTIGO 158 bis, número 1, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)

PARTES NA MEDIACIÓN (rísquese o que non proceda):

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 1 OU ÚNICA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 2 OU REQUIRIDA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

-DESCRICIÓN DO OBXECTO DA CONTROVERSIA

-PRETENSIÓN QUE SE FORMULA (expresar de maneira sucinta)

-REFERENCIA AO ACTO, CONTRATO OU NEGOCIO XURÍDICO DE QUE DERIVA A CONTROVERSIA

-REFERENCIA AO PACTO OU ESCRITO DE MEDIACIÓN QUE, SE FOR O CASO, SE INVOCA

XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:

- COPIA DO PACTO ESCRITO DE MEDIACIÓN, SE EXISTE
- COPIA DO ACTO, CONTRATO OU NEGOCIO DE QUE DERIVE A CONTROVERSIA
- CONTIDO DAS PRETENSÍONS E ALEGACIÓNS DO/S SOLICITANTE/S
- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S SOLICITANTE/S
- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS
- SE FOR O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA MEDIACIÓN, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA SOLICITANTE.
- OUTROS

A parte ou partes solicitantes manifiestan aceptar a imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual na súa condición de mediadores ou, pola contra, xuntan escrito sobre as causas de recusación que entenden que concorren.

_____, __ de __ de 201__

Sinatura do/s solicitante/s

A/A. SR. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELLECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.

ANEXO II



MINISTERIO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E DEPORTE
COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELLECTUAL
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUD n.º
Data, hora e minuto de presentación
/ /h.min.
(Para cubrir pola Administración)

SOLICITUDE XERAL DE ARBITRAXE (ARTIGO 158 bis, número 2.a, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)

PARTES NA ARBITRAXE (rísquese o que non proceda):

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DEMANDANTE 1 OU ÚNICA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DEMANDANTE 2 OU DEMANDADA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

-DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA CONTROVERSA

-PRETENSIÓN QUE SE FORMULA (expresar de maneira sucinta)

-REFERENCIA AO ACTO, CONTRATO OU NEGOCIO XURÍDICO DE QUE DERIVA A CONTROVERSA

-REFERENCIA AO CONVENIO OU CLÁUSULA ARBITRAL QUE, SE FOR O CASO, SE INVOCA

XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:

- COPIA DO CONVENIO OU CLÁUSULA ARBITRAL, SE FOR O CASO, INVOCADO

- CONTIDO DAS PRETENSÍONS QUE SE FORMULAN, CON EXPRESIÓN, SE É POSIBLE, DA SÚA CONTÍA

- COPIA DO CONTRATO OU NEGOCIO DE QUE DERIVE A CONTROVERSA

- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S DEMANDANTE/S

- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS

- SE FOR O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA ARBITRAXE, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA DEMANDANTE

-OUTROS

_____, __ de __ de 201__

Sinatura do/s solicitante/s

**A/A. SR. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELLECTUAL.
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE**

ANEXO III



MINISTERIO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E DEPORTE
COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELLECTUAL
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º

Data, hora e minuto de presentación

/ /h.min.

(Para cubrir pola Administración)

SOLICITUDE DE ARBITRAXE PARA FIXAR UNHA CANTIDADE SUBSTITUTORIA DAS TARIFAS XERAIS (ARTIGO 158 bis, número 2.b, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)

PARTES NA ARBITRAXE (rísquese o que non proceda):

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 1 OU ÚNICA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 2 OU REQUIRIDA:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:

- OBXECTO DA SOLICITUDE E RAZÓNS QUE A XUSTIFICAN

- PROPOSTA DE CANTIDADE SUBSTITUTORIA DETERMINADA OU DETERMINABLE

- CONVENIO OU CLÁUSULA ARBITRAL, SE FOR O CASO, INVOCADO

- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S DEMANDANTE/S

- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS

- SE FOR O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA ARBITRAXE, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA SOLICITANTE

A parte ou partes solicitantes manifesta someterse expresamente á competencia da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual conforme o previsto no artigo 158 bis, número 2.b), do TRLPI.

_____, __ de __ de 2011_

Sinatura do/s solicitante/s

A/A. SR. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELLECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

ANEXO IV



MINISTERIO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E DEPORTE
COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELECTUAL
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º
Data, hora e minuto de presentación
/ /h.min.
(Para cubrir pola Administración)

SOLICITUDE DE INICIO DE PROCEDEMENTO DE DETERMINACIÓN DE TARIFAS XERAIS (ARTIGO 158 bis, número 3, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)

PARTES NO PROCEDEMENTO (rísquese o que non proceda):

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL/ DENOMINACIÓN SOCIAL DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

PAÍS

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL/ DENOMINACIÓN SOCIAL DA/S PERSOA/S REQUIRIDA/S PREVIAMENTE A NEGOCIAR:

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE :

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

PAÍS

CP

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

OBXECTO DO CONFLITO:

TARIFA CONTROVERTIDA:

CONDICIÓNS PARA FACER EFECTIVA A TARIFA:

DATA FORMAL DE INICIO DAS NEGOCIACIÓNS (DÍA, MES E ANO)

RESULTADO DAS NEGOCIACIÓNS

PRETENSIÓN QUE SE FORMULA SOBRE:

TARIFA APLICABLE:

CONDICIÓNS PARA FACER EFECTIVA A TARIFA:

CIFRA TOTAL ANUAL ESTIMADA EQUIVALENTE Á EXPLOTACIÓN DOS DEREITOS OBXECTO DE CONTROVERSA

Continúa no dorso

XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:

- ACREDITACIÓN DA LEXITIMACIÓN
- CERTIFICACIÓN, SE FOR O CASO, DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO DE DETERMINACIÓN DE TARIFAS.
- DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á INEXISTENCIA DE ACORDO ENTRE AS PARTES (ARTIGO 20.3.C)
- INFORME MOTIVADO QUE APOIE A PRETENSIÓN QUE SE FORMULA.
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA OU ACREDITATIVA DA CIFRA TOTAL ANUAL ESTIMADA EQUIVALENTE Á EXPLOTACIÓN DE DEREITOS PARA OS EFECTOS DA DETERMINACIÓN DA TAXA.
- OUTROS.

, de de 201_

Sinatura do/s solicitante/s

**A/A. SR. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL.
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.**

ANEXO V



MINISTERIO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E DEPORTE
COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELECTUAL
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º

Data, hora e minuto de presentación

/ /hmin

(Para cubrir pola Administración)

**DENUNCIA PARA O CONTROL DAS TARIFAS XERAIS DAS ENTIDADES DE XESTIÓN
(ARTIGO 158 bis, número 4, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)**

DENUNCIANTE (rísquese o que non proceda):

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL / DENOMINACIÓN SOCIAL DA
PERSONA DENUNCIANTE:

NIF

REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS:

DNI ou NIE:

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE PROVINCIA ESTADO

CP TEL. CORREO-E CORREO-E (confirmar)

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE DE XESTIÓN CUXAS TARIFAS XERAIS SE DENUNCIAN:**DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:**

ENDEREZO

LOCALIDADE PROVINCIA PAÍS

CP TEL. CORREO-E CORREO-E (confirmar)

XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A

- CONDICIÓ DE USUARIO DO REPERTORIO DA ENTIDADE DE XESTIÓN DENUNCIADA
- TARIFA XERAL DENUNCIADA
- INFORME SOBRE O CARÁCTER INEQUITATIVO E/OU DISCRIMINATORIO DA TARIFA DENUNCIADA.
- OUTROS

, de de 201_

Sinatura do/s solicitante/s

**A/A. SR. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD
INTELECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.**